



## **RECOMENDACIÓN PARA 1º DE PRIMARIA**

### **EDUCACIÓN FÍSICA:**

Proposta de actividades a realizar:

- Que o alumnado realice diariamente actividade física do seu gusto (andar en bicicleta, xogar, bailar, etc.), seguindo as recomendacións establecidas polas autoridades (evitar lugares pechados ou pouco ventilados onde existan concentracións elevadas de persoas, etc.).
- Evitar a realización de actividades sedentarias por periodos prolongados de tempo.

### **MÚSICA**

- Cantar cancións e escoitar música axeitada á súa idade.
- Acompañar a música con percusión corporal.
- Bailar.

### **LINGUA INGLESA**

- Repaso do vocabulario relacionado cos animais.  
ANIMALS: monkey, tiger, turtle, elephant, snake, leopard, spider and bear.

### **MATEMÁTICAS**

#### **- Números de 0 a 99**

- Número maior, número menor.
- Número anterior e número posterior.
- Ordenar números.
- Escribir o nome dos números. Ata 30: unha soa palabra, desde 31: 3 palabras (*Treinta y tres, cincuenta y cinco...*).

#### **- Cálculo**

- **Sumas sen levar.** Sumandos que teñen unha ou dúas cifras. Colocar correctamente os sumandos. Primeiro sumamos as unidades, despois sumamos as decenas.
- **Restas sinxelas.** Utilizamos a recta numérica de 0 ata 19. Por exemplo, para a resta  $8-5=$  marcamos o 5 e o 8 na recta numérica e calculamos: *Desde 5 hasta 8 van 3.* É importante que vaian do número máis pequeno ó máis grande, e non ó revés. Cando se retomen as clases comezaremos con restas de 2 cifras (ata 99).
- Sumas e restas moi sinxelas con decenas. Atención á cifra das decenas: *50-40, 30+10...*
- Cálculo mental sinxelo.



## - Medida

- Repasar a colocación da regra para medir e comprobar cantos centímetros se obteñen.

## - Problemas

- Propoñer problemas relacionados coa vida cotiá. Razoar como resolveremos, se nos dará máis ou menos, que conta temos que facer. Algúns exemplos:

*Antonio tiene 24 libros y Carmen tiene 32 libros. ¿Cuántos libros tienen en total?*

*Antonio tiene 4 libros y le regala 2 a Carmen. ¿Cuántos libros le quedan?*

*Antes tenía 18 libros y ahora 12. ¿Cuántos me faltan?*

*Lucía tiene 4 lápices y Ana tiene 5 lápices más que Lucía. ¿Cuántos lápices tiene Ana?*

## LINGUA GALEGA E LINGUA CASTELÁ

### - Ler

- É moi importante que lean todos os días.
- Coidar a entoación: pausa en comas e en puntos, preguntas, exclamacións.
- Comprender o lido.

### - Escribir

- Caligrafía.
- Ortografía:

CA, CO, CU, QUE, QUI

ZA, ZO, ZU, CE, CI

GA, GO, GU, GUE, GUI, GÜE, GÜI

R, RR

- Letra maiúscula: ó empezar a escribir, despois de punto, nos nomes propios.
- Escribir copiando, ó ditado e de maneira libre.



- **Número de sílabas** en que se separan as palabras
- **Número de palabras** que conteñen as oracións

## **CIENCIAS SOCIAIS**

- **O calendario:**

Os meses: nome de todos os meses, mes anterior e posterior.

Os días da semana: que día é hoxe, que día foi onte, que día será mañá.

Situar no calendario datas importantes: aniversarios de familiares, celebracións, comezo das estacións, comezo do curso escolar... e calquera outro día relevante para a familia.

Aproveitar a curiosidade de nenos e nenas polo propio contorno e aprender sobre el, tanto dos contidos que xa vimos na clase (a familia, a localidade, servizos municipais, as estacións, medios de transporte, sinais de tráfico...) coma doutros.

## **CIENCIAS DA NATUREZA**

Igual que se recomenda para Ciencias Sociais, aprender sobre o contorno. Seguir no ámbito dos contidos xa vistos (a saúde, hábitos saudables, alimentación, o corpo humano, as plantas...) ou doutros polos que teñan interese.

## **PLÁSTICA**

- Recortar
- Debuxar. É unha boa ocasión para destacar a importancia do persoal sanitario, polo que se pode propoñer un debuxo sobre o traballo dos profesionais que coidan as persoas cando están enfermas.
- Favorecer a creatividade empregando materiais que haxa na casa.